

FUNDACIÓN MENIÑOS

25 anos de viaxe a prol da infancia



25 aniversario

Índice

1. De onde vimos?	1-2
2. Os primeiros pasos da nosa viaxe	3-4
3. Avanzando e creando alianzas	4-5
4. Abrindo unha nova etapa	5-6
5. Innovando para tomar impulso	7
6. Retos futuros: a viaxe continúa	8

- ANEXOS:

Participantes nos programas

Recoñecementos acadados



Fundación Meniños, 25 anos de viaxe a prol da infancia

1. De onde vimos?



A historia non comeza nunca en nós, as presentes, senón noutras historias que nos preceden e nos vencellan como parte dun movemento humano e social apaixonante, do que formamos parte.

Apreciar a nosa historia é honrar as nosas orixes.

A comezos dos anos 90 prodúxose unha gran transformación no sistema de protección á infancia que levou á creación dun programa experimental en Galicia, co obxectivo de romper coas elevadas cifras de institucionalización. Abriuse así un novo enfoque de traballo centrado en potenciar e restaurar as capacidades de protección das propias familias.

O programa ponse en marcha en Vigo, e nos dous anos seguintes exténdese a toda Galicia.

A partir de 1995, baixo o enfoque dunha atención máis integral á infancia en risco de desprotección xorden as Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAI).

Esta motivación e a pequena, pero decisiva experiencia no programa piloto de integración familiar, impulsan a necesidade de crear unha organización especializada, que lidere e impulse o traballo iniciado de integración familiar e abra novos horizontes na protección á infancia.

Desta maneira, membros do Colectivo Galego do Menor plantaron a semente dunha organización especializada e independente, abordando a protección desde unha óptica de alternativas de recuperación familiar e de apertura a contornos familiares alternativos.

Esta foi a orixe da Fundación Meniños, que cumpre agora 25 anos de traxectoria.

2. Os primeiros pasos da nosa viaxe

Fundación Meniños **nace en 1996**, coa iniciativa e a visión estratéxica e transformadora da protección á infancia de profesionais do ámbito social e institucións como a Xunta de Galicia e o Ministerio de Asuntos Sociales, que conforman o punto de partida.





Comezamos cun proceso profundo de aprendizaxe para poder exercer adecuadamente a nosa misión de protexer á infancia, aportando os cimentos científicos e técnicos dun modelo de traballo deseñado especificamente para a intervención familiar, froito da vangarda do coñecemento neses anos, cun enfoque de dereitos e necesidades, salvagardando a necesidade fundamental de toda persoa de medrar nun ambiente familiar bentratante.

Estes son os inicios dunha folla de ruta cunha misión clara, centrada na protección á infancia no ámbito familiar, traballando coas familias, preparando outros contornos de adopción e acollemento e ampliando horizontes, iniciando proxectos de sensibilización e implicación social promovendo a responsabilización de toda a sociedade para a adecuada protección á infancia.





No **2001** o Ministerio de Asuntos Sociais recoñece e publica como Boa Práctica o Programa de Integración Familiar de MENIÑOS, para estender o noso modelo de traballo a todo o territorio nacional, e empezan a tomar forma os programas de acollementos e adopcións especiais para a infancia máis vulnerable en Asturias e Madrid, ampliando así o marco territorial da Fundación.

3. Avanzando e creando alianzas

2003 supón un fito importante no noso traballo, ao modernizarse a estrutura da organización para afianzar a transparencia e a rendición de contas, á vez que a entidade aposta pola especialización. Aquí comeza a nosa viaxe de alianza profesional e persoal con figuras de referencia internacional do calado de Valentín Escudero e María José Rodrigo, que inspiran e orientan todo o noso modelo de traballo.

Ademais comezamos cun traballo intensivo na concienciación e a sensibilización sobre os dereitos e as necesidades da infancia.

Entre 2003 e 2006 **afiánzanse cinco importantes áreas de traballo:**

-  - **Integración familiar:** A través deste programa capacitamos a familias en situación vulnerable para manter ou recuperar as súas condicións protectoras e a súa funcionalidade para criar os seus fillos e fillas, evitando a separación familiar.
-  - **Acollemento familiar:** Naquelas situacións nas que os nenos e nenas non poden crecer na súa familia de orixe, pero siguen mantendo vínculos familiares positivos para o seu desenvolvemento, buscamos e preparamos fogares de acollida, garantindo un ambiente familiar de seguridade e afecto.
-  - **Adopción especial:** Cando non é posible a recuperación da familia ou esta desaparece, o noso traballo enfócase á sensibilización social para a busca doutros contornos familiares dispostos á adopción, e proporcionando apoio e acompañamento durante todo o proceso adoptivo.
-  - **Atención a familias en risco:** apoiamos a adquisición de habilidades persoais e de crianza que permitan romper dinámicas de funcionamento deteriorado en contornos familiares vulnerables.



- **Cooperación técnica:** Comezamos tamén a nosa intensa e fructífera cooperación co Goberno de Azores e o Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica, asesorando na posta en marcha do seu programa de integración familiar.



4. Abrindo unha nova etapa

2006 abre unha nova etapa coa creación dunha área dedicada á xeración de propostas de bo trato á infancia a través do contorno educativo, ofrecendo proxectos especialmente deseñados para implantar en colexios.

No seu primeiro ano conseguíuse unha implicación de 140 colexios, 9.000 escolares e 480 docentes.

Empeza un decisivo traballo de responsabilidade social corporativa para dar entrada á iniciativa privada no compromiso coa protección á infancia e conséguense as primeiras e importantes colaboracións empresariais.

En 2007 comezamos a estruturar o noso coñecemento e a poñelo ao servizo doutros profesionais e organizacións públicas e privadas ofrecendo servizos de asesoramento e formación, e construímos o noso primeiro plan de voluntariado para canalizar o compromiso da cidadanía coa infancia.

Entre 2008 e 2012 sumamos tres novas iniciativas aos nosos programas:



- **O proxecto Conecta**, para a intervención con adolescentes e familias en conflito deseñado en colaboración coa Universidade de A Coruña (UDC).




- **O primeiro estudo** de resultados do **programa de integración familiar**, mostrando a sustentabilidade dos resultados no 84% dos casos traballados.



- **A nosa primeira investigación e publicación transnacional**, en colaboración coa UDC e o Goberno de Azores: unha guía de intervención para abordar o impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes.

Entre 2013 e 2015 ampliamos as nosas áreas de traballo, iniciando o programa de intervención en Puntos de Encontro Familiar, o proxecto “Brújula”: rede de orientación e fortalecemento familiar para familias con nenos e nenas en risco e exclusión social, e o programa de apoio á adopción de nenos e nenas con necesidades especiais, todos eles en Galicia.

Apostamos decididamente polo traballo en rede, formando parte da Rede Europea de Loita contra a Pobreza en Galicia, o Consello Galego de Benestar e a Plataforma de Organizacións de Infancia.






5. Innovando para tomar impulso

2017 marca un fito especialmente importante no enriquecemento do noso modelo de traballo, guiado sempre por universidades e equipos de investigación altamente cualificados, incorporando novos coñecementos acordes cos modelos de traballo e liñas de investigación máis vangardistas na intervención familiar e a recuperación de personas afectadas por traumas no desenvolvemento.

Nesta etapa comezamos a desenvolver novos programas destinados á atención perinatal a mulleres en situación de dificultade social e ampliamos o noso traballo en rede co programa Caixa Proinfancia, centrado na loita contra a pobreza infantil.

Nesta etapa tamén avanzamos no noso compromiso de transparencia e responsabilidade social, creando un plan de igualdade e desenvolvendo un código ético para redobrar o noso compromiso con todos os grupos de interese, e incorporámonos á Alianza País Pobreza Infantil Cero promovida polo Alto Comisionado para a Pobreza Infantil.

Ademais, iniciamos dous novos programas de intervención especializada con personas vítimas de abuso sexual, buscando a reparación nunha das agresións con maior impacto na vida das persoas.



6. Os nosos retos futuros: a viaxe continúa

A viaxe nunca termina en nós. Aplicarnos ao máximo no noso presente e prepararnos para retos futuros é unha responsabilidade que compartimos coas persoas que continuarán a viaxe de Meniños, comprometidas coa transformación social da que formamos parte.

Queremos conseguir un verdadeiro impacto na vida das persoas, que acade cambios sustentables e transmisibles ás seguintes xeracións.

Temos o obxectivo de trasladar un novo enfoque de traballo coas persoas vulnerables que incida no recoñecemento do dano na saúde psicolóxica e emocional que provocan as situacións traumáticas como a violencia, a pobreza e o illamento, e que posibilite a súa recuperación.

Outro dos nosos compromisos é a consecución dunha educación de calidade que vaia alén da instrucción, para converterse na panca de desenvolvemento de valores persoais e sociais fundamentais para a xeración de capital humano e capital social. Así, creamos novas propostas educativas que podan ser insertadas no currículo escolar desde a primeira infancia e que contribúan á necesaria transformación social cara unha comunidade máis inclusiva, solidaria e cohesionada.

Estes retos serán a nosa follla de ruta para os anos vindeiros, continuando unha viaxe que non poderíamos realizar sen o voso apoio.

PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS

Desde 1996 atendemos nos nosos Programas de Intervención un total de **8.870** nenos e nenas e **6.643** familias. Ademais, **122.600** nenos e nenas de **1.008** centros educativos e **7.907** docentes participaron nos nosos Proxectos Educativos e Preventivos.

RECOÑECEMENTOS ACADADOS

Ao longo destes anos tivemos o privilexio de recibir os seguintes recoñecementos e galardóns:

- **Distintivo en Conciliación Empresa Familiarmente Responsable**, outorgado pola Fundación Másfamilia (2021)
- **Acreditación Implantación do Plan de Igualdade**. Concedida pola Dirección Xeral de Relacións Laborais de la Consellería de Emprego e Igualdade de la Xunta de Galicia (2021)
- **Premio Solidario Cidade de Ferrol**, concedido polo Concello de Ferrol (2020)
- **Premio José Luis Pinillos a la Excelencia e Innovación en Psicología**, na categoría de Entidad Socialmente Excelente, concedido pola Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología PSICOFUNDACIÓN (2020).
- **Marca Asturiana de Excelencia en Igualdad**, outorgada polo Principado de Asturias (2020).
- **Premio "Meninas" de Galicia 2020**, en recoñecemento á defensa da igualdade e contra a violencia machista. Concedido pola Delegación del Gobierno en Galicia (2020).
- **Distintivo Igualdad en la Empresa**, concedido polo Ministerio de Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad (2020).
- **Recoñecemento á "Promoción de la Parentalidad Positiva"** para o Programa de Integración Familiar. Outorgado polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social e a Federación Española de Municipios y Provincias (2019).
- **Premio Solidario Cenor** (2017).
- **XXI Premio Tierno Galván a la Solidaridad y los Valores Humanos** (2017).
- **Premio Buenas Prácticas 2016** outorgado por UNICEF na convocatoria Ciudades Amigas de la Infancia y Buenas Prácticas.
- **Premio Ciudadanos** en recoñecemento ao compromiso coa Infancia e a Adolescencia, orientado ao dereito a vivir en familia (2013).
- **Premio Pontevedreses do Ano 2013** na categoría de labor social (2013).
- **Premio Picapeixe** ao proxecto Conecta na modalidade de proxectos socioeducativos (2012).
- **Premio Fundación Corresponsables** ao mellor proxecto educativo e preventivo (2011).
- **Premio Cruz Vermella de Boas Prácticas en Inclusión Social** (2008).
- **Premio Bip-Bip á mellor páxina web dunha ONG infantil** (2007).
- **Premio ao compromiso social da Fundación Pfizer** (2007).

Todo isto foi posible GRAZAS a ti!

25  aniversario